

# “PENÉLOPE”

**Programa de prevención do consumo de drogas en  
clave de xénero**



## **1.- Xustificación**

A Estratexia europea en materia de loita contra as drogas 2005-2012 Acción 2005-salienta a necesidade de pór máis atención ás cuestións específicas do xénero, centrándose particularmente nas necesidades da muller.

En Europa o consumo de drogas é aínda superior entre os homes, no obstante, recentes estudos reflicten que a muller está adoptando os mesmos patróns de consumo que o home, especialmente no caso das adolescentes e as mozas, aínda que con diferentes historias de uso e abuso influídas por factores sociais, psicolóxicos e persoais. Por este motivo se enfatiza na necesidade de que se teña presente o xénero na planificación e deseño das investigacións e das intervencións preventivas.

Aínda que dende hai algúns anos se puxeron en marcha algunhas accións preventivas e asistenciais que teñen en consideración a perspectiva de xénero, son moitas as carencias existentes nesta materia, o que xustifica a decisión de poñer en marcha un programa específico desde o que brindarlles unha resposta estruturada.

## **2.- Obxectivo xeral**

O programa Penélope ten por obxectivo a ruptura da tendencia á igualación das pautas de consumo de drogas das mulleres coa dos homes, reducindo deste modo a incidencia dos problemas de drogas nas mulleres.

## **3.- Obxectivos específicos**

- Reducir prevalencias dos consumos de alcohol, tabaco e outras drogas entre as mulleres.
- Mellorar a información e os coñecementos das mulleres galegas sobre as diferentes drogas, os seus efectos e riscos.
- Mellorar as intervencións asistenciais coas mulleres afectadas por problemas derivados do consumo de drogas, facilitando a súa accesibilidade a servizos que teñan en consideración a perspectiva de xénero.

#### **4.- Poboación destinataria**

Mulleres.

#### **5.- Actividades**

- Difusión dunha guía sobre muller e drogas.
- Impartición dun obradoiro.

#### **6.- Contidos do obradoiro**

1. Definición e conceptos claves:
  - a. Prevención
  - b. Xénero
  - c. Drogas
2. Xénero e saúde.
3. As drogas e as consecuencias do seu consumo habitual ou abusivo.
4. Consumo de drogas e xénero.
5. Impacto diferencial das drogas en homes e mulleres.
6. Drogas e sexualidade.
7. Motivacións e factores asociados ao consumo de drogas en mulleres.
8. Drogas e violencia de xénero.
9. A prevención do consumo de drogas en mulleres.